

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 29 de setembro de 2005 pola que se modifica a do 19 de setembro, sobre delegación de competencias no secretario xeral e de Relacións Institucionais e noutros órganos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Con data do 22 de setembro de 2005 publícase a Orde do 19 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias no secretario xeral e de Relacións Institucionais e noutros órganos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. A necesidade de clarificar algún aspecto das competencias delegadas leva consigo a súa modificación a través desta disposición.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, na redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro; o artigo 72.4º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Modificación do punto 4 do artigo 2º da Orde do 19 de setembro de 2005, referida á delegación das competencias nos delegados provinciais da Igualdade e do Benestar, no seu ámbito territorial.

Modifícase o punto 4 do artigo 2º sobre as competencias nos delegados provinciais da Igualdade e do Benestar en contratación e xestión financeira e orzamentaria, redactado como a continuación se indica:

«4. Deléganse nos delegados provinciais da Igualdade e do Benestar, no seu respectivo ámbito territorial, as competencias seguintes:

a) A contratación de servizos relativos a gastos correntes así como a contratación de subministracións de bens funxibles, con cargo ao capítulo II, necesarios para o funcionamento diario dos centros e servizos xestionados polos órganos periféricos.

b) A tramitación e formalización dos contratos administrativos especiais que non xeren obrigas de contido económico para a Administración autonómica.

c) A xestión das obrigas adquiridas mediante o asinamento de contratos de xestión de servizos públicos de carácter asistencial e as xeradas pola reserva e ocupación de prazas en centros asistenciais, ocupacionais e residencias, no ámbito do maior e de persoas con discapacidade.

d) En relación ás alíneas a) e c) anteriores, así como respecto dos créditos desconcentrados, a autorización e disposición de créditos e de recoñecemento de obrigas, solicitando da Consellería de Economía e Facenda a ordenación dos pagamentos correspondentes.

e) A realización de todos os trámites previos e o asinamento dos contratos individuais para o ingreso de menores de características especiais en centros e para o ingreso en escolas infantís 0-3, así como toda a xestión ulterior das obrigas xurdidas do seu asinamento».

Artigo 2º.-Nova disposición referida ás axudas e subvencións.

Engádese a disposición adicional única referida a axudas e subvencións, redactada como a continuación se indica:

Disposición adicional

Única.-En relación ás axudas e subvencións será de aplicación o establecido na correspondente orde de convocatoria».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2005.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 14 de xuño de 2005 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da do 1 de febreiro pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades formativas e de sensibilización que desenvolverán as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2005.

O artigo 9 da Orde do 1 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades formativas e de sensibilización que desenvolverán as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2005, dispón que «Unha vez ultimada a concesión de axudas, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía, proxecto e finalidade».

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por resolución desta secretaría xeral para a execución de actividades formativas e de sensibilización que desenvolverán as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento, por un importe global de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000 euros), nas contías, beneficiarios e aplicación orzamentaria que se relaciona no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2005.

P.D. (Orde 1-2-2005)

Jesús Gamallo Aller

Secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior

ANEXO

Expediente	Entidade beneficiaria	Título do proxecto	Axuda concedida
2005/2	Seminario Galego de Educación para a Paz	En son de paz	8.000,00
2005/4	Cáritas Diocesana de Ourense	Accións de análise, sensibilización e denuncia de desigualdades Norte-Sur	10.800,00
2005/05	Unicef-Comité Galicia	Dereitos da infancia na universidade	2.150,00
2005/09	Fundación Interred	Campaña de sensibilización da invisibilidade á equidade de xénero.	15.000,00
2005/12	Fundación Entreculturas Fe y Alegría	Impulso da rede solidaria da mocidade.	8.000,00
2005/13	Amigos da Terra-Galicia Xuventude	Xornadas itinerantes de sensibilización: Enfoque de sustentabilidade, clave para os proxectos de cooperación	8.000,00
2005/14	Asamblea de Cooperación por la Paz	Formación e participación de mozos universitarios galegos en cooperación ao desenvolvemento	9.000,00
2005/15	Fundación Jóvenes del Tercer Mundo	Abre a xanela ao mundo.	8.000,00
2005/18	Médicos del Mundo	A través dos teus ollos. Fase II.	10.200,00
2005/21	Bicis pola Paz	6ª aula dos contos solidarios. Contosolidarios 2005.	4.500,00
2005/23	Asociación Cultural de Cooperación e Desenvolvemento A Cova da Terra	Proxecto de sensibilización sobre consumo responsable en Lugo.	3.800,00
2005/24	Asociación Amarante para o Ecodesenvolvemento	Galicia con vista ao Sur.	9.800,00
2005/26	Fundación Paz y Solidaridad	A globalización desde os globalizados.	9.500,00
2005/27	Ecos do Sur	Sensibilización e formación a través do contacto directo entre escolares galegos, nicaraguas e bolivianos.	11.350,00
2005/28	Farmacéuticos Mundi	Medicamentos que non curan. 2ª parte.	12.700,00
2005/29	Enxeñería sen Fronteiras Galicia	Achegar a tecnoloxía para o desenvolvemento humano e consumo responsable á universidade.	8.500,00
2005/30	Fundación Ayuda en Acción	Beijing+ 10. Xerando vínculos entre mulleres Norte-Sur.	10.100,00
2005/31	Solidaridade Galega	Dialogando co Sur.	15.000,00
2005/32	Solidaridade Internacional de Galicia	Indíxenas na área andina	14.900,00
2005/34	Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos	Coñecernos para compartir un futuro común.	10.000,00

Expediente	Entidade beneficiaria	Título do proxecto	Axuda concedida
2005/35	Intermon-Oxfam	Programa para a mobilización da sociedade civil sobre causas da pobreza en países do Sur.	13.000,00
2005/36	Veterinarios sin Fronteras	Os monicreques como ferramenta para traballar o dereito á alimentación cos contos escolares.	14.000,00
2005/37	Implicada/os no Desenvolvemento	Clubs de cooperación.	8.700,00
Total subvención concedida			225.000,00

Resolución do 8 de xullo de 2005 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da do 14 de febreiro pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2005.

O artigo 9 da Orde do 14 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2005, dispón que: «Unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación do beneficiario/a, contía, país de execución do proxecto e finalidade».

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por resolución desta secretaría xeral para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior por organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento, por un importe global de dous millóns setecentos corenta e dous mil cento noventa e nove euros (2.742.199 euros), nas contías, beneficiarios e aplicacións orzamentarias que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2005.

P.D. (Orde 14-2-2005)

Jesús Gamallo Aller

Secretario xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior